



A Coruña, a 24 de novembro de 2023.

Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación

ASUNTO: ACTA Nº3 TEMP 2023-2024.

Equipos participantes: C.M.Ferrol- C.W.Lugo.

Competición: Liga Galega Waterpolo División Honra Masculina.

Data de celebración: 19/11/2023.

FEITOS

. O día 21 de novembro foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos arbitros do encontro no que se recolle:

"El equipo visitante, Club Waterpolo Lugo, presenta la hoja de inscripción con:

- 18 jugadores, de los cuales 11 tienen correspondencia con los gorros.*
- La relación de jugadores está desordenada.*
- Aparecen inscritas dos personas como técnicos que no se encuentran en la instalación."*

- O mesmo día 21 deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

CONSIDERANDO

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Sentado o anterior, os feitos relatados no anexo non están recollidos na Normativa Xeral de Waterpolo para esta tempada 23/24, nin tipificados como infracción de ningún tipo na nosa normativa sancionadora.

RESOLVE

- O arquivo do expediente.

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco.
Comité de Competición da FEGAN.

